



# Entrevista a Carme Mineiro

Carmen Novas Ferradás

“A vida de antes era boa por unha parte,  
pero non había adelantos”

**C**arme vive na Portela, pero reconece que sempre tirou para Meiro. Pioneira en pedir o divorcio e en mandar vacas á guerra de Corea, a experiencia de 75 anos na aldea dálle licenza para asegurar que se perderon moitas cousas boas, pero tamén se gañaron outras. Bota de menos as conversas que antes mantiña nos camiños e lembra con rabia a persecución franquista. Coas verbas de Carme entramos na taberna de señor Portela e na clase de don José Martínez, levamos ós nenos á gardería de Massó e saboreamos as papas de óleo mentres a auga corre cara ao muíño.

“A vida de antes era boa por un lado, pero por outro non”. Con esta mirada dividida pero chea de sentido comeza o relato de Carme cando lle preguntamos **Como eran os tempos de antes?**

A esclavítu que tiñamos era boa para a salú, pero sen embargo non había adelantos. Unha persoa partía unha perna ou un brazo e xa quedaba con el torcido. Era mui triste. Miña nai morreu de 65 anos velliña de todo. Hoxe non se mira un vello así. Agora as mulleres vamos a un médico, curámonos e arreglámonos e limpámonos. Antes a que tiña a cutis un pouco fina, valía. A que non, era coma unha gitana. No baile mirábase cada cara! Tiñan que ser fillas de patróns e desas, que sabían e que tiñan cartos. Pero había outras que, amiga, a esclavítu esa que non veña. Agora que, moitos adelantos foron para mal.

### Como que, por exemplo?

Hai moita libértá. Hoxe os fillos mandan nos pais. Onde se mirou iso? Non hai educación. Había que educar a moitos pais! Agora moitas cousas podían ser igual, pero foi o mundo preparado doutro xeito e xa non hai quen o poña a par. Namais hai cousas que cambiaron para ben. Hai inventos, hai maquinarias. Por un lado, sacáronlle o pan da boca a moitas familias e obreros, e por outro aquelámonos delas porque nos fan falta.

### Había médico en Bueu?

Había dous para todo Bueu. Cando eu era rapaza, estaban Pementel e mais o médico de Massó. Pero o noso era don Ignacio Lis o vello.

### A que anos casou?

Caseime de 21, era moza. O primeiro fillo túveno de 22. Tuven seis partos. Pasei fame e pasei necesidades porque de pouco non tiña un home que traballara. Hoxe dannos algo e vamos tirando, pero antes non cobraban un duro.

### De que vivían, do campo?

Do campo. Meu pai podía cobrar unha boa pensión, pero morreu de 64 anos e hasta os 65 non lla daban. Era unha boa pensión porque cobraba por aquí, na hermandá, e máis na América. Anduvo a navegar toda a vida. Meu pai era de carácter, pero estaba acabadiño de todo. Traballar sen alimentos, o único que tiña era do que había na casa. Aguantaron moito tempo, pero despois veu a guerra e veu o peor, que non hubo azúcar. Empezaron a baixar, a baixar, hasta que non tiveron máis xa que dar.

### Que recorda da alimentación de antes?

As papas de óleo. Tirámoslle o óleo ó millo, á fariña,

para facelas. Qué ricas eran, inda parece que estou comendo nelas! Agora non che saben a nada as cousas.

### Como facían as papas de óleo?

Con leite se o había na casa. Sabían elmundo ben. Ás criaturas non lle podía faltar o leiteño, que era o desarrollo do hueso, ou así dicían os médicos. E a caña do azúcar que era para a caña do hueso.

### Naceu alí na Portela, onde vive agora?

Si, nacín alí e crieime alí.

### Estivo vivindo en Meiro?

Non. Meu pai era de Meiro, Antonio Vilar, dos Vilares. Era o irmán máis novo e sempre tirou para Meiro. Viña ós domingos e eu sempre andaba ó rabo del. Inda me gusta hoxe mellor Meiro que A Portela. Eu non lle podo dicir isto a nadie da Portela. En Meiro hai xente boa e mala tamén, pero figúraseme que os da Portela, se se meten contigo, é como se se meteran os da casa. Eu non teño conversación con ninguén. Non quero, non son capaz, a xente xa non é como era. Antes podías falar unha conversación cunha muller ou cun home e comprendíate.

### Se se vivía do campo, onde tiñan as fincas...

Nós tiñamos muito en Meiro por meu pai. Era a veiga de Muíños, era a de Barreiros, era a Costa Piñeira e mais era o Campo. E traballábase todo.

### A millo?

Si. Era solo un campo e o resto era millo todo. Despois viñeron anos que había que ter cuidadiño que cho requisaban. Foi desde o 36 hasta o 45. Meu pai xa non acordou, morreu antes de que viñera á venda libre o azúcar, o aceite e todo. Esas cousas a eles déronlle muito que sentir, e había que andar con muito cuidado. O Palmeira –pai da difunta de siña Carme Palmeira– era municipal no axuntamento, e levábase mui ben con meu pai. Viña e dicíanos “ei, vigilar, cuidado que van vir a isto ou ó outro”. Temos escondido máis!

### Viñan a requisar.

A mirar o que había. Había que levar á Banda do Río, á casa do ladrón ese de Juan Cestay. Ese era o cacique de Bueu. O forno era aí. Despois, de aí repartía para quen quería. Compraba quen tiña cartos: os caciques. Había quen ganaba –mariñeiros– e non había onde comprar. Levabanche o que tuveras: centeo, millo. Había que dar conta no axuntamento das patatas, do cerdo e de todo. Eu acordei sempre pagar pola matanza. Xa íbamos á de Massó ó sal e iso xa quedaba apuntado, xa se sabía quen era. Nós tirabamos o permiso.

**E ían mercar o sal para a matanza do porco á de Massó?**



Claro, porque era a fábrica e habíao por fanega, por ferrado, como fora. Agora o sal xa non é como aquel, non sala igual.

#### **Chamuscaban o porco con pico?**

Con palla centea. Algúns usábana solo para reparar porque tiñan pouca. Pero millor é. O fento deixa muita borralla, o pico era un pouco millor.

#### **Tamén lles requisaban o viño?**

Ó viño viña un do Outeiro que era mutilado, casado con unha das de Barros. Tiñamos un barril escondido nun palleiro de palla. Se non tiñas que pagar por todo, miña irmán! A meu pai non lle chegaba a ganancia dos bois! Tamen escondiamos os freixóns. Tiñamos moitos porque nas veigas secas era onde se daban millor.

#### **Levaban cartos e prata?**

E logo, con qué fixeron tanto capital? Disque a fábrica de Massó de Cangas fixoa a conta da prata que roubou! Miles de millóns!

#### **Foi cando viñeron para aquí os Massó?**

O Massó don José María e mais os irmáns. Ese dedicouse máis á política porque foi alcalde. A nós viñéronnos tamén a mirar porque nos acusaban. Veu o sargento e mais o alcalde, e non sei se o Cabanillas. A meu pai non lle topaban, tiña pouco. Había deses caldeiros da achica. Tiña un grande e outro pequeno, de moneda o pequeno e de duros o grande. Pero escondidos, que xa non se podía ter aquela cantidá.

#### **E porqué non se podía ter?**

Ahora si, pero agora pagas por eles. Era o mesmo, tes que declaralos. Porque pasas mil e unha e despois inda a traballar para eses cabróns. É un ladroís o mundo este. Namais que están entrando no poder para roubar, non para poñer orden.

#### **Iso non cambiou.**

Iso non cambia máis. Pero xa non é aquí, iso é de todo o mundo inteiro. Xa non hai quen o poña ben.

#### **Que máis lembra da vida de antes?**

Había que traballar muitísimo. Eu xa desde pequerrechiña, e meus irmáns o mesmo. Andaban ó mar e do mar tiñan que vir para a veiga. Viña meu irmán do mar co peixe -xa o traía el limpo de Bueu- e avante! Cando eu fun a ser grande, tiraba do arado de ferro coma un home.

#### **E a parella de bois, de quen era?**

Era nosa, da casa. Cando iamós á veiga de Muíños, viñan os mariñeiros de Hermelo. Miña nai levaba unha cesta de

comida para a veiga coma se foran cincuenta. Era o que ganaban! E axudabamos uns ós outros. Meu pai tamén labraba muitas veigas. Ten chegado aí a Chans e andaren a pelear polos bois del, porque se non tiñan que labrar con becerros. Meu pai daba en ter gando novo porque era a única ganancia que entraba na casa. Non tiña gando de ceba, gando vello. Namais, era o tal para andar el máis descansado, pero non podía ser, que non valían despois. Traíaos antes de fechar os dentes e despois vendiamos a dous dentes, a tres inda non.

#### **Tiñan seguro?**

Tiñamos, chamabamoslle a contrata. Era de Meiro, da Portela e da Graña. Da Portela había quen a tiña en Coiro. Todo o mundo tiña unha vaca, un boi ou o que fora. Había quen salía mal co gando e había que buscar a cota que tiñan e pagarlle. A nós saleunos mala unha vez una vaca. Dáballe a gota, que é iso das vacas locas, que se caen. Nós safamos que non sei para que guerra foi, non sei se era a guerra de Corea. Compráronnola cando hubo unha guerra por aí adiante. E ben que nola pagaron!

#### **Quen lla comprou?**

Un deses triquillóns (contratistas), deses tratantes. Estaba gorda, pero que lle daba a gota non o sabía nadie máis que nós. Era unha xovenga nova, do país, roxiña. Non había xa seguros porque empezou a desmantelarse todo. Unha xente non podía traballar, a outros dáballe traballo e non lle daba ganancia ningunha. Desfixéronse do gando. Antes era unha pena, era unha penitencia.

#### **Botaban millo corvo ou branco?**

Blanco todo, menos unha veiga de corvo para o sangue das chourizas do porco e para facer as bolas de San Martiño de millo corvo, porque viña máis pronto. Botabámolo mui cedo, ó legón. Empezabamos a labrar a primeira ou a segunda semana de abril. Se había veiga pequena que daba traballo labrar, pois botabámola de corvo.

#### **Acórdalle en que fincas?**

Temos botado A Costaneira, casi un ferrado. Alí debaixo da casa da difunta de siña Adolfiná, de José García. Tiñamos alí unha veiga que era mala de labrar, levabamos un carro de esterco e despois botabamos ó legón. Había que pasar o arado ás mans e subilo. Acababas coa vida. Outras veces no chouzo, un aneco bo, medio ferrado.

#### **E non había xabarín daquela?**

Non, non había. Bueno, a min acórdame unha veiga onde xa me tiñan feito estragos e pensabamos que era o tourón pero había ser xa o xabarín. Foi o motivo de deixala a monte. Agora non se pode labrar unha veiga, que comen todo. Fosan, levantan e estragan.

#### **Despois facían as bolas.**

San Martiño eran as bolas que se facían de millo corvo. E de porta aberta, sabían muito millor.

#### **E as bolas do lar?**

Iso era cando non nos chegaba o pan ó muíño, porque había muíño de quince en quince días e había que facer pan para dúas semanas e ó millor non chegaba. Cunha pouca fariña amasabámola no día antes e quentabamos a arder leña na lareira, e despois barríase e púñase alí.

#### **Por enriba botábaselle algo para que non se queima-**

ra?

Home claro. Penso que era un papel de estraza, ou unhas follas de figueira.

**Era vostede quen facía a fornada?**

Era miña nai e meu pai enfornaba, porque pesaban.

**Cocíase os sábados?**

Unha bola ou dúas de porta aberta e pans grandes, que tuveran codia e miolo porque os vellos non tiñan dentes. Agora, ben que mal, inda vamos comendo algo, pero elas xa non tiñan dentes ningúns. Era unha desgracia. Aquelas mullericiñas cun dentiño solo e o resto fanadiño de todo. Baixábanlle os labios muito, porque non tiñan en que os agantar. Acordaches á nai do difunto de Cabaleiro? Esa foi a primeira muller que miramos por aquí cos dentes postizos. Ai mimadriña, a babear.

**Os vellos terían que comer cousas brandas, nada de carne.**

Ai carne! E o peixe se era blandiño. Dábanlle dúas voltas e iba para abaixo. Ai mimadriña, cala a boca.

**Cocíase empanada?**

Si, pero empanada de millo. A miña nai non lle gustaba facelas, facíaas eu, delgadiñas, e sabían mui ben. Pero trigo non había.

**Non botaban por aquí trigo ningún?**

Non. Hubo anos que xa non se sementou o trigo porque era mui traballoso. O centeo si é fácil, o traballo é collelo.

**Como era que ían coller os cornuchos do centeo?**

Os cornuchos eses son morados, negros. Dicían que era para medicinas. Valía daquela muitísimos cartos un quilo. Pero para facer un quilo diso... Había anos que cargaban bastante, pero outros non se miraba. Bótaos no mesmo gran, nunha casucha coma se fora o do centeo.

**Pasa como o millo borro?**

O millo de borro non servía, xa non se botaba. Di o refrán: "en todos lados hai un milleiro de millo borro na veiga", porque era malo, falando que había de todo.

**Como facían coa agua dos muíños?**

No inverno xa había porque xa non se regaba, había para os campos e mais para os muíños. Cando era o vrán, desde San Benito hasta o oito de Darbo, había agua denoite para os muíños. O día 11 de julio -San Benito- empezaban as tandas a regar no millo de día. Pola Portela e mais por Meiro, por todos lados. Os muíños moían denoite, desde as seis da tarde que había que deixar vir a agua ó río hasta as seis da mañán ou así. Nese tempo tiñas que moer todo o que tiñas.

**E durmir denoite na presa?**

Home, si cha tapaban, si. Había que ter cuidado porque moitos tapábana para o campo, e para o campo xa tiñan un día para regar que era o sábado pola noite. Estaba así todo xa controlado e faciamos todos o ben, pero agora non.

**Vostede foi á fábrica?**

Ai, pero cando fun á fábrica xa tiña eu 35 anos. Xa tiña catro fillos.

**Unha vez contou que en Massó, en Cangas, tiña todo o que lle facía falta.**

Ai, eu si. Porque eu traballaba e non me importaba nin ir alí, nin ir alá. A min queríanme mandar para o pazo, para a huerta, pero eu chamei a don Jaime e díxenlle que non quería diario porque tiña fillos pequenos. Moitas cambiábanse para Bueu pero eu non quixen.

**En que ía ata Cangas?**

Iba na línea. No vran gardaba os cartos do coche e iba muito a andar para abaixo. Para arriba viña na línea, velaba unha hora e collía o coche á noite.

**Había comedor alí?**

Si, había. Levábamos a comida e faciannola alí. Había tres cociñeiras. O comedor era grandísimo.

**Tiña guardería?**

Si. Eu levei dous para a guardería, mandei a Pablo e máis a Víctor. Pero Pablo estrañaba muito e choraba sempre e tuven que sacalo. Víctor si, foi muito.

**Pagábase?**

Non, nada. Leváballo e deixábao alí. Cando eu salía, collió. Dábanlle de comer e todo. E á mañán, se non daba tempo a tomar o desaiuno, dábanllo alí. Se non, pois eu xa llo daba para que lle fóra marchando o soniño ó pobre. Era pequeno -dous aniños- e madrugabamos muito. Inda estou resentida dos ombreiros! Levaba o cesto da compra nun brazo e el ó carrancholo. Dicían moitos: "manda carallo con esta muller, eu non sei como ten valor. Pero ese cabrón, quen oh? eu matavó", dicían.

**Seu home?**

Ese non tiña fillos. A vida de cada un é mellor inda non pensalo.

**Habería moitos así.**

Daquela... Agora tamén hai, pero son doutra maneira. Antes tiñamos que estar alí a aguantar. Agora cácase o home, eh, non se casa a muller. Cando me casei eu, veu el comigo pero el quedou solteiro e eu quedei casada.

**Están separados legalmente?**

Eu teño o divorcio na man. Foi hai trinta anos, e ha de haber cinco anos solicitei para reclamar a parte miña, porque el estábame vendendo todo.

**Que recorda da escola?**

Fun de oito ou nove anos. Na Portela non había sitios porque iban moitos rapaces. Había escola na Portela, para Hermelo e Meiro, na casa de Solla.

**A que venderon agora?**

Si. O amo era Solla, un canteiro que veu de Xeve. Casou cunha irmán da difunta de María a de Pirico, a de Costas. Fixo unha casa e viviron aí toda a vida. Eu iba á de don José Martínez. De primeiro non había sitios e tuven que ir para alá para abaixo, para a do Mariano, o que se casou coa rubia en Meiro. Ese facía escola na casa del, na bodega de siña Carme a Mariana. Andaba muitísima xente. Despois hubo sitio e xa vin para a de don José Martínez. Pero anduven poucos anos porque miña nai era vella e non podía, e meu pai tampouco, e eu tiña que perder escola. Despois, inda iba denoite, no inverno, para que non se me olvidara o que aprendín. Pero aprendín muito en pouco tempo, eh.

**Dicía o Rin Ran que vostede era un lince.**

O Rin Ran e mais eu e mais o pai de Miliña a Pirica. Eramo-los tres, non había quen nos metera man. A lectura e a escritura, a min era o que máis me gustaba. Gustábame muito a historia. Cando estaba o maestro a explicar a lección, eu atenta coma se fora... Mimá. Se me falaba outro rapaz dicíalle que me deixara en paz.

**Logo non sería das que lle cascaban.**

Ai, a min nunca me pegou. A outros téñenlle dado boas, no cu cunha regla grande. Pegar pegaba, pero tamén había



algún que era malísimo, eh. Non obedecían nada, muchacho. Se non querían aprender, que non aprenderan, pero que estiveran calados, que estiveran quietos! Mimá, íbanse para as veigas a estumballar na herba da semente. Os de Meiro cos da Portela nunca se levaron ben.

#### **Había tirria.**

Sempre. Iso xa mo dixo don José Martínez cando veu aquí o primeiro ano que hubo festa do pan de millo corvo, con Julio da Neta. Mira que tiña anos. Morreu de 94 ou 95 anos. E cando morreu non o supen. Era maior e mais inda furrulaba ben do sentido. Foi un dos millores veciños de Beluso para o pueblo. Era bo para todo o mundo. Desengañábao, facía escrituras. Como sabía muito! Eu aprendín con el e de trece anos xa salín da escola.

#### **Despois da escola, para onde ían?**

Eu quería ir a coser pero non me deixaron. Non quería ir á Portela e tampouco ás da Crega porque había muita cangallada. Eu quería ir a onde aprendeu a difunta de miña tía Aurora, na da Recamana, na Graña, porque miña tía daquela era unha modista que se dedicaba a facer patróns, modelos. Traballaba mui ben, foi o oficio dela toda a vida, e eu quería ser coma ela.

#### **Coñece ós Arís?**

Canto anduvemos nós para saber de donde viñan! Veñen de Poio. Queríamos sabelo porque na casa do meu fillo había un escudo. O Conde de Aldán o vello foi casado cunha irmán da dueña desa casa. Eran tres irmáns. Unha casou na Madalena, outra quedou aquí na casa -que era Benita, a abuela do meu home- e outra foi casar co Conde de Aldán. Un deles estaba loco e o outro sabía de muitas cousas, que lle apareceron documentos vellos cando foi que se lle apoderaron dun aneco ben bó alá en Morouzos que colleu o Forestal. Reclamou e tiveron que pagarlle todo.

#### **A de seu fillo era a casa dos de Curra.**

Era Benita Curra Arís.

#### **Nesa casa, hubo algún negocio?**

Hubo un notario desa familia. Había ser o tatarabuelo, xa. Tamén era notario o bisabuelo de miña nai, dos Xestidos, que viñeron de Ceta. Inda había na nosa casa documentos co escudo da reina Isabel a Católica. Meus irmáns rompían todo

canto había. Solo queda un que ten unhas letras do abuelo de miña nai. Ese estivo preso na cadea por lle levantar a man a unha muller, un Xestido. O abuelo de miña nai quería coller un aneco de monte porque estaba ó lado dunha finca del e ela non lle deixaba. Púxoselle diante da aixada e colleu el e botouna a bolear polo monte abaixo. El era ebanista, que fixo o reló de parede cunha trencha, unha machada e un serrón.

#### **Que outros oficios había?**

O que era canteiro, xa facía de todo, carpinteiro, canteiro, albañil e ferreiro. Uns eran o pai de miña nai e mais o abuelo de miña nai. E o abuelo de Rosa Nores tamén era canteiro.

#### **De onde traían a pedra?**

Iban a Borrallido a facer os porpiaños, e despois facían unha casa e iban os carreteiros. Quen tiña bois iba á peonada para axudarlle a facer unha casa a calquera, gratis, claro. Se non, con que iba a facer un pobre unha casa? A xente non era como agora. Agora se che poden sacar os ollos, non chos deixan na cara.

#### **Quen facía zocas?**

Había zapateiros bos. O difunto de Julio o Picardías cortaba e facía el. Zapatos, botinas, botas e todo. Xa morreu. Non coñeces a Eligio da Graña, o albañil? Pois era cuñado, era irmán de Carme. Carme andaba na fábrica e o irmán era o mellor zapateiro que había aquí. Tamén traballaba Rivas, pero xa non traballaba tan fino coma el.

#### **Acórdalle cando viñan os serradores de Portugal?**

De Portugal viñan muitos canteiros. Os serradores botaban os árboles abaixo e despois serraban a madeira. O difunto de Enrique da Jaime andaba el e mais o Ochero vello, da Casela, o abuelo de Segunda. Poñíase un embaixo de rodillas e outro enriba, e un tiraba para arriba e outro tiraba para abaixo. O pino botábano en calquera tempo porque non fillaba máis. Un castaño si filla, e o arcolito tamén. Pino era a mellor madeira e mais castaño, había muitos. Agora xa non hai nin castaños nin pinos nin carballos, e o arcolito xa non serve tampouco para nada. Non cho queren!

#### **Como eran as festas de antes?**

Eu non salía, non tuven xuventú ningunha. Daquela unha moza non era unha muller hasta os vinte anos; non deixaban salir a un baile nin a ningún lado. Eu tiña dezanove cando morreu meu pai e xa non collín festas ningunha. Había o luto dous anos ou tres. Ala, alá vai toda a miña xuventú. Caseime cun desgraciado e agonieime.

#### **Tocaba a pandeireta?**

Ai, miña nai tocaba ben a pandereta. Eu non aprendín. Miña nai para tocar a pandereta e beillar a jota, non había outra, pero eu non son capaz de tocar a pandereta.

#### **Se lle acorda algunha copla ou algún refrán...**

Hai un refrán que di: non compres a quen herdou, compra a quen comprou que sabe o traballo que lle costou. E é verdá, venden todo porque non lle costou traballo, se lle costara habían de ter máis man.

#### **Que hai dos gaiteiros, Paco e Edelmiro?**

Ibamos coas gaitas a Darbo, a San Amaro. Ibamos á taberna de Juan, a de Casqueiro, na Raposeira. Sempre había esa cousa, pero perdeuse muito. Cando iba Paco, normalmente non iba Edelmiro, e Edelmiro iba a todas sempre. Paco non iba as festas, Paco era bo para a música, para inventar el. Non se lle escapaba unha, de calquera cousa facía unha canción. Era de medo.

*San Martiño de Bueu  
Casamenteiro das vellas  
Por que non casará ás mozas?  
Que mal che fixeron elas?*

### **En Carnaval había comparsas?**

Si, había. A min non me gustaban porque se metían na vida privada dos demais. Agora van políticos, iso si porque é público. En Meiro había comparsas comoliño. A unha costureira de que estaba sola e non quería a quen a quería a ela, puxéronlle unha comparsa. Non sei máis que un pouco do estribillo: "Amelia, querida Amelia, flor la más bella, jardín de amor; tu fuistes la presidenta de los hijos del amor". A música era bonitísima, o tono era elmundo bonito. Había mui-tas, e de peelas polo raio dos mozos.

### **As comparsas eran de homes solo?**

De homes e mulleres. Iban con traxes e poñían unha banda. Ai, iban ben.

### **E a cantar os Reis?**

Ai, iso si me gustaba. Os Reis son pequeniños pero son mui bonitos. Miña nai sabíaos todos, pero eu non. Para Reis era por víspera de Reis mais o día, e Navidá era víspera e mais o día de Navidá. Todo o día e toda a noite. As Navidades eran mui grandes.

### **Que festas había na Portela e en Meiro?**

Eran millores que agora. Daquela déronse conta que todos daban millo por San Martiño e non había nada para os vellos porque chovía, iba frío e, onde iban os vellos o día do patrón? Foi cando colleron en dar para Meiro. Viñan á Portela e dabamos para Meiro, non para abaixo, para Bueu. Facían o baile día de San Martiño máis o día de San Roque, na de miña tía a Pirica. Dábase millo, vendíano e despois e con aqueles cartos facían a festa. O día de San Roque iba a juventú toda á mañan cos gaiteros á misa a Bueu, e despois levábanos para arriba.

### **Non daban cartos.**

Non, millo. Para San Cosme ibamos as chavalas a buscar o millo a Coiro e a acarrexalo, para a casa de Villar, que fixo muitos anos a festa.

### **A música da festa poríaa unha gaiterada.**

Coa gaiterada ou cunha banda de música, ó millor pequena, unha media. Facíase máis fino que a gaita. Polos gaiteros a xente non daba nada. A gaita aquí foi mui privada, tirouse muito. Non estaba prohibida pero estaba prohibida a fala do galego. No colegio tiñamos que fala-lo castellano. Agora xa che falan gallego os profesores porque está iso avanzado, pero daquela... Foi polo franquismo, non quería aquilo. Non miras que mataron muitos gallegos? Canto padeceron Rosalía de Castro e outros? Muito. O único que quedou foi Camilo José Cela, porque ese era facha, os outros morreron todos. Mataron a muitos porque o que facían os poetas era picar na vida, na realidade, que debía de ser así ou non é.

### **Lémbrese de Carballeira?**

Si, da casa de Cueva. Era un nacionalista. Acórdame del, mui pouco.

### **Disque ós galeguistas os mataban en Angueiro.**

En Angueiro matarían a tantos! Ó millor doutro lado viñan matalos aí e os de aí matáronos noutro sitio, vai ti a saber. O caso é que matáron a muitos. A Alfonso XIII xa o primeiro que lle fixeron foi matarlle á filla, porque era a máis

lista. Para falar desas cousas tiñan que ir nunha lancha ó medio da ría onde non os miraran. E como quedan os da dereita e como inda votan para eles, eh! E irlle buscar a xente á casa ignorantemente... Traballadores coma o home de siña Dominga, e un irmán, todos. Señor Manuel, o abuelo de Sensión. Homes que andaban de canteiros e tiñan petardos para romper a pedra. Iban para o monte, colléronos e leváronos para Figueirido e alí xa os mataron.

### **Seica houbo un mitin de Castelao en Quintáns, na casa onde tiña a taberna Pancho.**

Non me acordo. Na do pai de Portela? É unha casa alta, pequena. Ten unha pedra moi boa. Pero a taberna non era de Pancho, a taberna era xa do pai de Portela, do abuelo de Pepito. Estaba casado cunha irmán de siña Gumersinda. Morreulle e despois casouse coa Parrilleira, foi á ruína. Ese estivo por aí adiante a navegar. Despois a taberna foi de Pancho. Pero ese señor Portela tiña ultramarinos. Ó difunto de Pepe chamábanlle o Furque, sabes por que? Porque non falaba nada ben. Mandábano á taberna e dicía el: "Señor Manuel, deme un pataco de furque", polo azúcre. Daquela por un pataco dábanche máis que agora por cen pesetas. Era todo a granel. Facían os cartuchos e botaban alí azúcar ou fariña, do que fora. A el puxéronlle señor Noqueda tamén por iso, porque lle dicía: "no queda, hombre, no queda". Noqueda lle quedou.

### **Quedou viúvo.**

Si. Dou a vida que a Manuel -o pai de Pepito- o colleu siña Gumersinda e ela io aquelou. O home era Lafuente, era dos carpinteiros que había. E mais o pai de Segundo. Segundo era mui listo. Fastidiouno a bebida, namais na escola era inteligente. Dibujaba de maravilla. O maestro queríalle mui ben, e era mui bo rapaz. A bebida descompón todo. Segundo traballou de canteiro, traballaba mui ben.

### **Lafuente cortaba o pelo?**

Non era el. O que iba aí era o pai de Marcelino de Costas, un irmán de Costas o vello, do difunto de meu sogro. Primeiro o Marcelino tiña unha barbería na Casela. E tamén hubo na taberna de señor Portela, nun cuartinho ó lado.

### **Sabe dalgún remedio?**

Para o dolor de estómago, unha taza de auga de herba Luisa sin azúcar, porque con azúcar non fai tanto efecto. Remedio santo, tarda en pasar pero acalma. Tamén dos anises, ben fervidos e colados. Son muito millor porque te fan arrotar.

### **Acórdaste dalgún outro? A dómina que se lle poñía ós animais...**

Contos da xente vella, eu non creo en nada diso. Tamén había airos... o que había antes era fame e miseria!

### **Que é iso dos airos?**

Os vellos, cando viñan de acompañar a un difunto, pasaban por riba do lume, pasaban un tizón por debaixo. Parvadas! Dicían que os mortos botaban airos. Os mortos non se meten con ninguén! Unha vez, morrera meu irmán Manuel, tiña eu oito anos e fóra ó cementerio día de Todos os Santos. Era noite de todo e tiña medo. O difunto de Julio o Soquiños, o vello, levoume hasta casa. E díxome meu pai: "mira filliña, o día de Todos os Difuntos é a noite máis segura que hai, para andar denoite". Tamén día de Navidá e día de Noite Boa.